

Orgullo do galego

Eu, como tantos rapaces de vila na época da transición, regresei ao galego moi a modo.

Digo regresei: porque foi voltar, dalgún xeito, á propia casa, á familia, as raíces mesmas do meu ser.

Un xeito de reflexionar ante o espello e despoxarme das máscaras impostas.

Non foi doado: mais aquí estou, a contarlle historias a meu fillo todas as noites, con palabras máxicas que xorden naturais e sen complexos.

E sinto que o futuro nos pertence, e que compartimos un idioma como quen comparte o pan ou unha bolsa de caramelos.

E non vexo mellor herdanza para os que veñan que regalarlles este código cargado de esperanza.

Carlos Negro
Poeta

DO GALEGO